



miércoles, junio 04, 2014 Juan Ramón

Xabier P. DoCampo, homenaxeado pola AELG

O ESCRITOR NA SÚA TERRA HOMENAXE A XABIER P. DOCAMPO

«O acto de amor máis sublime que coñezo é contar unha historia», afirma Xabier. Eu sempre enlazo estas palabras súas cun dos versos máis fermosos de José Ángel Valente: «El que da una palabra, da un don». Porque iso é o que fai Xabier, un narrador extraordinario: colmarnos de agasallos a quen temos a fortuna de escoltalos ou de lelos: palabras de amor á lingua, á estirpe, á nación, ás persoas, á vida.

Xabier P. DoCampo
CASTRO RIBEIRAS DE LEA (CASTRO DE REI)
21 DE XUÑO DE 2014

XX EDICIÓN DA HOMENAXE "O ESCRITOR NA SÚA TERRA • LETRA E"

Segundo me comunican dende a [Asociación de Escritores/as en Lingua Galega](#), o vindeiro sábado 21 de xuño terá lugar en Castro Ribeiras de Lea, no concello de Castro de Rei (11:30 horas), a homenaxe "A/O Escritor/a na súa Terra", que cada ano impulsa a AELG.

Este 2014 chega xa á súa XX edición, recaendo por decisión da Asemblea de Socias e Socios na figura de [Xabier P. DoCampo](#).